



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fisioloxía: Fisioloxía

Materia	Fisioloxía: Fisioloxía			
Código	O51G140V01105			
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermaría (Ourense)			
Coordinador/a	Vázquez Campo, Miriam			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Raquel Vázquez Campo, Miriam			
Correo-e	miriam.vazquez.campo@sergas.es			
Web	http:// raquel.perez.rodriguez@sergas.es miriam.vazquez.campo@sergas.es			
Descrición xeral	Nesta materia abordarase o coñecemento das bases fisiolóxicas necesarias para o correcto funcionamento do corpo humano, mediante a exposición das bases teóricas en sesións maxistras na aula, así como a explicación, aprendizaxe e práctica por parte do alumnado na aula-taller, das actividades, procedementos e coidados necesarios para a práctica asistencial enfermeira.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer e identificar a estrutura e función do corpo humano. Comprender as bases moleculares e fisiolóxicas das células e os tecidos.
A2	Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos coidados de enfermaría.
A18	Coñecer e aplicar os principios que sustentan os coidados integrais de enfermaría.
A33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
B1	

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer e identificar a estrutura e función do corpo humano. Comprender as bases moleculares e fisiolóxicas das células e os tecidos.	A1
Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos coidados de enfermaría.	A2
Coñecer e aplicar os principios que sustentan os coidados integrais de enfermaría.	A18
Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.	A33 B1

Contidos

Tema	
INTRODUCCIÓN Á FISIOLOXÍA	INTRODUCCIÓN Á FISIOLOXÍA. Definición. Niveis de organización. Homeostasia. Mecanismos de control homeostático.
FISIOLOXÍA CELULAR	FISIOLOXÍA CELULAR E HISTOLÓXICA. Membranas celulares: estrutura e función. Citoplasma e organelas. Paso de sustancias a través das membranas celulares, procesos de transporte pasivo, procesos de transporte activo. Matriz extracelular. Principais tipos de tecidos.
EQUILIBRIO HIDROELECTROLÍTICO E ÁCIDO-BÁSICO	EQUILIBRIO HIDROELECTROLÍTICO E ÁCIDO-BÁSICO. Interaccións entre o equilibrio hídrico e electrolítico. Regulación das concentracións de auga e electrolitos. Regulación do sodio e do potasio. Mecanismo que controla o pH dos líquidos corporais.
FISIOLOXÍA DO SISTEMA INMUNE	FISIOLOXÍA DO SISTEMA INMUNE. Organización do sistema inmunitario. Inmidade innata. Inmidade adaptativa. Células B e inmidade mediada por anticorpos. Células T e inmidade mediada por células.

FISIOLOXÍA RENAL E LÍQUIDOS CORPORAIS	<p>FISIOLOXÍA RENAL. Aclaramento renal. Filtración glomerular. Reabsorción e secreción. Procesos de transporte renal. Regulación do volume urinario.</p> <p>FISIOLOXÍA DOS LÍQUIDOS CORPORAIS. Auga corporal total. Compartimentos dos líquidos do organismo. Composición química e distribución dos electrólitos nos líquidos corporais. Mecanismos que manteñen a homeostasia do volume do líquido total.</p>
FISIOLOXÍA SANGUÍNEA	FISIOLOXÍA SANGUÍNEA. Composición do sangue. Elementos formes do sangue. Tipos de sangue. Plasma sanguíneo. Coagulación do sangue. Fibrinólise.
FISIOLOXÍA CARDIOVASCULAR	FISIOLOXÍA CARDIOVASCULAR. Hemodinámica. Sistema de conducción. Electrofisioloxía cardíaca. Ciclo cardíaco. Ruídos cardíacos. Fluxo, presión e resistencia.
FISIOLOXÍA RESPIRATORIA	FISIOLOXÍA RESPIRATORIA. Ventilación pulmonar. Volumes e capacidades pulmonares. Intercambio gaseoso nos pulmóns. Transporte de gases e control da respiración.
FISIOLOXÍA DIXESTIVA	FISIOLOXÍA DIXESTIVA. Mecanismos principais do sistema dixestivo. Dixestión mecánica e química. Secreción. Absorción. Eliminación.
FISIOLOXÍA ENDOCRINA	FISIOLOXÍA ENDOCRINA. Organización do sistema endocrino. Hormonas hipofisarias e hipotalámicas. Hormonas tiroideas. Hormonas suprarrenais. O páncreas endocrino.
FISIOLOXÍA DO APARELLO LOCOMOTOR	FISIOLOXÍA DO APARELLO LOCOMOTOR. Posición anatómica. Cavidades e rexións do corpo. Planos do corpo. Organización do músculo esquelético e liso. Mecanismo da contracción e relaxación.
NEUROFISIOLOXÍA	NEUROFISIOLOXÍA. Organización do sistema nervioso. Impulsos nerviosos. Potencial de acción. Transmisión sináptica. Neurotransmisores. Líquido cefalorraquídeo. Fisioloxía dos sentidos. Sistema nervioso central e periférico.
SEMINARIOS DE FISIOLOXÍA	<p>FISIOLOXÍA DO SISTEMA INMUNE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lavado de mans simple - Lavado de mans con solución hidroalcohólica <p>FISIOLOXÍA RENAL E LÍQUIDOS CORPORAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entradas e perdas corporais - Cálculo do balance hídrico <p>FISIOLOXÍA SANGUÍNEA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mostra de sangue capilar, venoso e arterial - Zonas de punción e material necesario para cada técnica <p>FISIOLOXÍA CARDIOVASCULAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da frecuencia cardíaca - Valoración de pulsos centrais e periféricos - Electrocardiograma - Medición da tensión arterial <p>FISIOLOXÍA RESPIRATORIA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da frecuencia respiratoria - Manexo do incentivador respiratorio - Manexo do Peak-flow <p>FISIOLOXÍA DIXESTIVA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración do contido gástrico <p>FISIOLOXÍA ENDOCRINA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinación de glicemia capilar <p>FISIOLOXÍA DO APARELLO LOCOMOTOR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posicións anatómicas/planos - Cambios posturais <p>NEUROFISIOLOXÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exploración auditiva - Exploración ocular - Mostra de LCR - Toma de temperatura corporal

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	14	31	45
Titoría en grupo	11	0	11
Sesión maxistral	75	50	125
Probas de tipo test	2	20	22
Probas de resposta curta	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Actividades a desenvolver na aula taller en relación a cada un dos temas marcados na materia, o que permite complementar os contidos impartidos na parte teórica.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén con o profesorado, para o asesoramento sobre os contidos, actividades e procedementos utilizados no proceso de aprendizaxe da materia.
Sesión maxistral	Exposición teórica en aula, polo profesorado da materia, en relación aos contidos que son obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado, para o asesoramento sobre os contidos, actividades e procedementos utilizados no proceso de aprendizaxe da materia.
------------------	---

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	<p>A avaliación da parte de seminarios desta materia, contará con dous apartados, o que no global suporá un 40% da puntuación total da materia.</p> <p>1º avaliación, continua: farase ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación das habilidades e destrezas mostradas polo alumnado, durante a realización das actividades prácticas nos seminarios, así como a súa participación nos temas expostos na aula.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total correspondente aos seminarios.</p> <p>2ª avaliación, proba tipo test: en relación aos contidos impartidos nos seminarios. Esta proba constará de 20 preguntas, con 3 opcións de resposta, sendo só unha delas válida, utilizando a fórmula (A-E), acertos (A) menos erros (E).</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total correspondente aos seminarios. Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico.</p> <p>Será preciso ter superado as dúas probas de avaliación, para poder superar esta parte de seminarios, o cal será necesario para poder superar a materia.</p> <p>A asistencia aos seminarios é obrigatoria, cando menos no 90% do total das horas asignadas, no caso contrario a/o alumna/o, pasará a ser avaliado según os criterios establecidos para a "modalidade non presencial".</p>	40
Probas de tipo test	<p>A metade do exame da parte teórica desta materia de fisioloxía, será de pregunta tipo test. Por cada 3 preguntas mal restarase unha ben.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado, será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>É indispensable superar esta proba para poder facer media.</p>	30
Probas de resposta curta	<p>A outra metade do exame da parte teórica da materia de fisioloxía, será de pregunta con resposta curta.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado, será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>É indispensable superar esta proba para poder facer media.</p>	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade non presencial (seminarios)

A esta modalidade, poderase acoller o alumnado que con causa debidamente xustificada, non lle sexa posible asistir ao 90% do total de horas asignadas para os seminarios, para o cal deberán ao inicio do cuadrimestre en que se imparta a materia,

comunicar a profesora responsable da mesma, mediante solicitude por escrito, do paso a "modalidade non presencial", indicando cal é a causa que debidamente xustificada, impide a súa asistencia aos mesmos.

No caso daquelas/es alumnas/os que por diferentes motivos, e sempre xustificadas, aínda asistindo a algún seminario, non cheguen a acadar a asistencia establecida do 90%, pasarán igualmente a esta "modalidade non presencial".

A avaliación da modalidade non presencial.

A/o alumna/o, deberá realizar 1º: unha proba práctica en aula, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia. Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico, para a 1ª edición. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total correspondente aos seminarios.

En 2º lugar deberá realizar unha proba tipo test, en relación aos contidos impartidos nos seminarios. Dita proba constará de 20 preguntas, con 3 opcións de resposta, sendo só unha delas válida, onde se utilizará a fórmula (A-E), acertos (A) menos erros (E). Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico para a 1ª edición. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total correspondente aos seminarios.

Será preciso ter superado estas dúas probas de avaliación, para poder superar a parte de seminarios da materia, o cal será necesario para poder superar a materia.

2ª edición.

A/o alumna/o deberá no caso de non ter superada a avaliación continua (modo presencial) ou o proba práctica (modo non presencial), realizar un exame práctico, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia, a realizar na aula e data marcada no calendario académico, para a 2ª edición. No caso de non ter superada a proba tipo test, a/o alumna/o, deberá novamente realizar un exame tipo test (con os mesmos criterios establecidos para a 1ª edición) na aula e data marcada no calendario académico, para a 2ª edición.

Será necesario ter superado as dúas probas de avaliación, para poder superar esta parte de seminarios da materia, o cal será necesario para poder superar a materia.

Outros comentarios.

- As datas oficiais de exame marcadas para esta materia, nas dúas edicións correspondentes, poderanse consultar na páxina web así como no taboleiro de anuncios do centro.
- Utilizarase a plataforma Faitic, da Universidade de Vigo, para manter comunicación académica-docente, co alumnado (temario, anuncios, cualificacións, etc) para o cal será necesario, que ao inicio do cuadrimestre, o alumnado revise individualmente, si está correctamente dado de alta na plataforma, para así poder utilizar este servizo.

Bibliografía. Fontes de información

Thibodeau. Patton, **Anatomía y fisiología**, 6ª Edición,

Susan E. Mulronery; Adam K. Myers, **Netter fundamentos de fisiología**,

Linda S. Costanzo, **Fisiología**, 4ª Edición,

Guyton, A. C., Hall, J.E., **Tratado de fisiología médica**, 11ª Edición,

Tortora, G.J. y Derrickson, B., **Principios de Anatomía y Fisiología**, 5ª Edición,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Enfermaría clínica I/O51G140V01204

Enfermaría clínica II/O51G140V01205

Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201

Prácticas clínicas I/O51G140V01208

Prácticas clínicas II/O51G140V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101

Bioquímica: Bioquímica/O51G140V01103
